

Á atención de:

**TODOS OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN**

Data:

06.02.19

**Xoves, 7 de febreiro**

**09:00 HORAS.-** A Alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, asistirá ao Almorzo Informativo de Fórum Europa, que correrá a cargo do Delegado do Goberno en Lugo, Javier Losada.

Parador dos Reis Católicos, Santiago de Compostela

**11:30 HORAS.-** A Concelleira de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, Carmen Basadre, a Deputada de Cultura, Pilar García, e a Vicerreitora de Coordinación do Campus de Lugo, Montserrat Valcárcel, presentarán a nova programación do *Lugo Cultural 2019*, coa que colabora o Concello.

Vicerreitorado

**11:45 HORAS.-** O Concelleiro de Desenvolvemento Sostible e Persoal, Daniel Piñeiro, participará na xornada divulgativa que a USC ofrece ao alumnado sobre o programa *Life Lugo+Biodinámico*, con motivo do Día dos Humedais.

Colexio de Alberios

**12:30 HORAS.-** O Voceiro Municipal, Miguel Fernández, e a Subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, supervisarán as obras de mellora do firme que o Ministerio de Fomento está acometendo na estrada N-VI ao seu paso por Lugo.

Estrada N-VI, sentido Madrid. PK:504,80; Lugo

**18:00 HORAS.-** A Alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, e o Concelleiro de Educación e Infraestruturas Urbanas, Manuel Núñez, entregarán os premios ás nenas e nenos gañadores do *XXIV Certame de Narración e Relato Curto Trapero Pardo*, posto en marcha polo Concello.

Salón de Plenos

**19:00 HORAS.-** A Alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, acompañada do encargado do guión, dirección e produción executiva do documental *Cidadán Alonso Montero, o mestre das palabras*, Xan Leira, e o propio protagonista do filme, Alonso Montero, presentarán dita proxección, coa que colabora o Concello.

Auditorio do Vello Cárcere

**19:00 HORAS.-** A Concelleira de Benestar Social, Igualdade e Inclusión, Ana Abelleira, e a Deputada de Promoción Económica e Social, Sonsoles López, participarán na inauguración da exposición de arte de Raiolas, asociación coa que colabora o Concello.

Sala de exposicións do Edificio Administrativo da Xunta en Lugo

**OUTRAS CONVOCATORIAS**

**11:00-14:00/17:00-22:30 HORAS.-** Continúa a exposición *Río*, en homenaxe á xeración que medrou na dureza da posguerra, organizada polo Concello.

Patio do Vello Cárcere

**11:00-14:00/17:00-20:30 HORAS.-** Continúa a exposición *Un Cárcere, unha Porta e un Xardín, historia do Cárcere do partido xudicial*.

Centro Cultural do Vello Cárcere

**11:00-14:00/17:00-20:30 HORAS.-** Continúa a exposición *O Vello Cárcere de Lugo, da Guerra e a Posguerra, memoria histórica da represión franquista.*

Centro Cultural do Vello Cárcere

**11:00-14:00/17:00-20:30 HORAS.-** Continúa a exposición permanente *Elas*, organizada polo Concello.

Centro Cultural do Vello Cárcere

**11:00-13:30/17:00-19:30 HORAS.-** Continúa a exposición *José Da Riva Varela, Un labrego por obriga con grandes inqedanzas*, coa que colabora o Concello.

MIHL

**18:00-19:00 HORAS.-** Comezo da actividade de *Hipopresivos*, enmarcada dentro da *Programación para a mocidade activa*, organizada polo Concello.

Casa da Xuventude

**19:00-20:30 HORAS.-** Comezo da actividade de *Lindy Hop e Vintage Jazz*, enmarcada dentro da *Programación para a mocidade activa*, organizada polo Concello.

Casa da Xuventude

**19:30-21:00 HORAS.-** Continúa a actividade de *Inglés B1*, enmarcada dentro da *Programación para a mocidade activa*, organizada polo Concello.

Casa da Xuventude

**20:30 HORAS.-** Comezo das sesións de nutrición *Somos o que comemos*, sobre Mitos Alimentarios, enmarcada dentro da *Programación para a mocidade activa*, organizada polo Concello.

Casa da Xuventude

Un saúdo

GABINETE DE COMUNICACIÓN